

ARTE ROMÁNICA

OBRA: PÓRTICO DA GLORIA

AUTOR: Mestre Mateo e obradoiro

CRONOLOXÍA: SS.XII (1168-1188)


TIPOLOXÍA: Relevo e figuras adosadas

MATERIAL: Granito e mármore. Policromado

ESTILO: Románico de transición ao gótico tanto na escultura como na arquitectura

TEMA: Bíblico

LOCALIZACIÓN: Pórtico Occidental da Catedral de Santiago de Compostela



DESCRICIÓN FORMAL E TEMÁTICA

Atópase na portada oeste da Catedral de Santiago de Compostela, coñecida como Pórtico da Gloria, realizado entre 1175 e 1188 polo Mestre Mateo. Atopámonos ante unha obra arquitectónica porque é a portada de entrada á catedral; e escultórica, pois toda ela atópase recuberta de esculturas que obedecen a un programa iconográfico complexo e típicamente medieval.

Formado por tres portadas en arcos de medio punto, sendo a portada central máis alta e ancha que as laterais, e reservándose para ela a decoración máis importante do conxunto. É a portada central a que ten o tema principal do conxunto, a visión apocalíptica de San Xoán, cuxo relato é fielmente representado no conxunto. Así, comezando a descrición desde arriba, na arquivolta, cunha disposición radial, aparecen representados os vinte e catro anciáns que, segundo o texto apocalíptico portan todo un repertorio de instrumentos medievais como fídulas, arpas, salterios e un organistrum e amosan uns trazos de marcada individualidade tanto nos seus trazos físicos como en actitudes e xestos realmente admirable. Baixo eles,

no tímpano, de forma semicircular ao estar limitado polo arco de medio punto e o lintel da porta, represéntase a escena máis importante. No centro, de tamaño maior que o resto de figuras, aparece Cristo coroado e sentado nun trono, mirando á fronte mentres levanta as palmas das mans amosando as feridas da crucifixión, tamén visible a do costado espido. Ao seu lado aparecen os catro evanxelistas escribindo en pergaminos a boa nova da Salvación e acompañados dos seus respectivos símbolos (*Tetramorfos*). A ámbolos dous lados, sobre o lintel, un grupo de anxos portan os instrumentos da Paixón (a cruz, a coroa de espiñas, os cravos, a columna, a lanza, a sentenza da condena, a xarra de vinagre, látigos, cartel de INRI e cana con esponxa), mentres que, completando o fondo, aparecen os Bienaventurados representados nun tamaño moito menor e dispostos en dous frisos horizontais mentres dirixen a súa mirada ao centro da composición, isto é, cara a Cristo. Na enxuga entre a portada dereita e o tímpano central os xustos en forma de nenos son conducidos polos anxos á Gloria.

Nas xambas, á dereita de Cristo, atópanse os profetas que precederon á chegada do Mesías (Xeremías, Daniel, Isaías e Moisés) mentres que á esquerda aparecen os apóstolos (San Pedro, San Pablo, Santiago o Maior e San Xoán Evanxelista).

O parteluz, é dicir, o piar central que divide a porta en dúas partes, está ocupado pola figura case exenta de Santiago, coroado cunha aureola de bronce con incrustacións de vidro, sentado e portando un pergamino na man dereita e un báculo na esquerda, que parece recibir aos peregrinos que se achegan á porta. Baixo el atópase unha columna que representa a árbore de Jesé. Entre unha amalgama de decoración vexetal aparecen representados os diferentes membros da xenealoxía humana de Cristo arrincando con Jesé, pai do rei David, o propio rei David, Salomón e, para rematar, a Virxe María. O capitel simboliza a Santísima Trindade, polo que o parteluz aúna a dobre natureza de Cristo, a humana e a divina. Na parte posterior sitúase o autor da obra, o Mestre Mateo, mirando cara ao altar.

Á esquerda, o pobo xudeu espera a chegada de Cristo. Nas arquivoltas represéntase a opresión da Lei de Moisés antes da chegada do Mesías, Adán, Eva, os hebreos fieis liberados e conducidos á Gloria – enxuga entre a portada esquerda e central-. Nas xambas aparecen profetas menores.

Á dereita, nas arquivoltas represéntase o Xuízo Final. Cristo e o arcanxo San Miguel amosan cartelas co destino dos xulgados. Na metade esquerda están os xustos e na metade dereita os pecadores que son atormentados por demos; por exemplo, o glotón condenado a comer unha empanada mentres unha serpe arredor do seu pescozo impídelle tragar, un bebedor desespérase intentando beber boca abaixo dunha bota de viño. Nas xambas á esquerda están varios apóstolos.

Todo o conxunto defínese por unhas características que se poden resumir en:

1. Hieratismo, rixidez, polo menos no tímpano, onde é visible a perspectiva xerárquica, remarcada pola propia disposición do cortexo apocalíptico, reforzando a centralidade do tímpano e destacando a figura de Cristo Redentor, que amosa cos brazos abertos as súas chagas.
2. Acumulación, impedindo unha visualización clara do conxunto e de cada unha das imaxes. Este sobrecargamento xera unha diminución das figuras coma se o artista esquecese unha condición básica do tímpano: a claridade.
3. Perfección e serenidade clásica, cunha certa solemnidade, un indicio de técnica helénica no tratamento do volume.
4. As personaxes defínense pola súa vivacidade, expresión, naturalismo. Parece que falan, preludiando certa sensibilidade. Sen prexuízo do apuntado no segundo apartado, no Pórtico da Gloria hai indicios do nacemento dunha nova estética: os anciáns da Apocalipse conversan entre eles, San Pedro amosa expresión, San Pablo meditación, Isaías preocupación, Daniel é a mocidade sorrinte, Santiago a amabilidade e a melancolía está na imaxe de Moisés.

5. Policromía do mesmo xeito que as primitivas esculturas. Foi restaurada no S.XVIII seguindo a mesma gama de cores e incrementando a calor humana das figuras, fronte ao frío pétreo que afasta do espectador a escultura en moitas ocasións.

FUNCIÓN, CONTIDO E SIGNIFICADO

O conxunto escultórico moi probablemente foi resultado da actividade dun obradoiro, aínda que baixo a supervisión do Mestre Mateo. A desigual calidade na factura das distintas esculturas do conxunto, así como o elevado número das mesmas realizadas nun tempo relativamente curto, levou aos especialistas á aceptación xeneralizada da existencia do devandito obradoiro. Aínda así, o conxunto é, sen dúbida, un dos de maior calidade, non só do Románico español, senón do europeo. Chama a atención a vida que se desprende de cada unha das figuras que rompen co hieratismo e inexpresividade tan característicos do estilo románico. Sinalouse a influencia da escultura francesa nesta obra, aínda que o certo é que as proporcións, o movemento, a expresión sorrinte dos rostros, os ropaxes que marcan a anatomía que a cobren máis que escóndela, así como moitos outros detalles, anúnciannos un cambio, non só na escultura, que avanza cara ao naturalismo que será característico do gótico, senón unha nova sensibilidade relixiosa, máis amable e próxima ao ser humano. Os anciáns da arquivolta así como os profetas e apóstolos das xambas víranse e comunícanse entre eles, liberándose de xeito gradual do soporte arquitectónico ao que permanecen pegados, coma se tivesen un alento de vida interior. Aínda son perceptibles os restos de policromía das esculturas.

Respecto á iconografía, a decoración deste pórtico, como é normal no Románico, vai máis aló da mera función decorativa, tendo outra función moito máis importante, a didáctica dirixida cara a unha poboación maioritariamente analfabeta sobre os misterios da Salvación.

O Mestre Mateo quixo plasmar no Pórtico da Gloria a historia da Salvación da Humanidade. A porta situada á esquerda representa a entrada ao limbo, isto é, o estado das almas dos defuntos que viviron antes da chegada de Cristo, mentres que o pórtico central estaría dedicado á misión salvadora de Cristo, visible nas feridas e instrumentos da Paixón, transmitida a través dos Evanxelistas, mentres que ao fondo podemos contemplar as almas dos que xa se atopan en presenza de Deus. Doutra banda, nas xambas situadas á esquerda do parteluz central, o ocupado por Santiago, aparecen representados distintos profetas que simbolizan a Igrexa anterior á chegada de Cristo, mentres que os situados á dereita de Santiago xa representan aos apóstolos que anuncian a Igrexa nova resultado da misión salvadora de Cristo. Non hai que esquecer a decoración minuciosa dos capiteis e basas con representación de seres fantásticos en loita con homes, e outras que amosan o difícil camiño seguido polo home coas súas caídas, como as herexías, no pórtico da esquerda, ou os pecados capitais, no da dereita, aínda que coa mensaxe positiva do Home novo que xorde coa Salvación, xusto na base do alicerce central e a vitoria do Home no extremo dereito, onde aparece representada a Igrexa nova.

O Pórtico é o acceso desde o espazo exterior cara ao espazo interior. É un símbolo moi importante; a través del penetra a luz do ocaso e as imaxes teñen unha clara finalidade didáctica, que en moitas ocasións precisan da mediación dun crego para comprender a mensaxe. Non podemos esquecer que tanto a escultura como a pintura teñen que instruír, deleitar e decorar.

MODELOS E INFLUENCIAS

O Mestre Mateo toma como modelo o Pórtico da Gloria da igrexa da Magdalena de Vézelay, da que imita a división en tres arcos, o emprego do parteluz e a disposición das figuras, para ser despois moi influente nas portadas de San Martiño de Noia e o Pórtico do Paraíso da Catedral de Ourense.

CONCLUSIÓN

O Pórtico da Gloria supón un broche de ouro á evolución da escultura románica sendo, en certo xeito, unha obra de transición ao anunciar algunhas das características que marcasen a arte figurativa gótica dominada polo naturalismo e a expresividade. Estamos ante a unión do vello tema do Pantocrátor e

o Xuízo Final e unha nova visión da natureza e do home froito dunha relixiosidade onde a esperanza ábrese camiño fronte ao temor de épocas pasadas.

